

RÚBRICA PARA AVALIAR O PROGRAMA TELEVISIVO

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
Uso da lingua	Uso axeitado, creativo e natural da lingua. Vocabulario preciso, extenso e con detalle. Dominio e adecuación da entoación.	Uso correcto da lingua, con poucos erros. Vocabulario adecuado ao contexto. Boa pronuncia e entoación.	Uso da lingua con bastantes erros, pero a mensaxe xeral é comprensible. Vocabulario básico. Pronuncia aceptable.	Erros gramaticais e de vocabulario moi frecuentes que dificultan gravemente a comprensión. Pronuncia deficiente.
Contido e estrutura	Contidos orixinais, moi atractivos e excelentemente desenvolvidos. Estrutura impecable, dinámica e creativa. Guión exemplar.	Contidos interesantes e ben organizados. Estrutura clara con introdución, seccións definidas e conclusión. Guión claro.	Contidos sinxelos, con algunha coherencia. Estrutura básica presente pero pouco definida. Guión esquemático.	Contidos pouco relevantes ou confusos. Sen estrutura clara (introdución, desenvolvemento, conclusión). Guión pobre.
Presentación e calidade técnica	Son e imaxe de alta calidade. Edición coidada e efectiva. Música/efectos ben elixidos que potencian a mensaxe.	Son claro e imaxe estable e ben iluminada. Calidade da gravación/edición aceptable. Uso axeitado de música/efectos.	Son comprensible con algo de ruído. Imaxe básica pero visible, con algúns fallos de estabilidade ou luz. Edición mínima.	Son inaudible ou con moito ruído. Imaxe escura, movida ou desenfocada. Mala calidade da gravación/edición.

Creatividade e orixinalidade	Programa excepcionalmente creativo e innovador. Uso sorprendente de recursos audiovisuais. Estilo persoal moi marcado.	Programa con elementos creativos na temática, formato ou uso de recursos audiovisuais. Achegas persoais evidentes.	Programa con poucos elementos orixinais. Ideas sinxelas. Uso básico de recursos audiovisuais.	Programa pouco orixinal. Recursos visuais e narrativos comúns ou mal empregados.
Expresión oral e interpretación	Locución e actuación brillantes. Gran expresividade vocal e corporal. Contacto visual efectivo. Presenza magnética.	Voz clara e con boa vocalización. Entusiasmo perceptible. Bo contacto visual. Linguaxe corporal adecuada.	Voz algo monótona. Vocalización mellorable. Contacto visual escaso. Linguaxe corporal básica ou pouco natural.	Voz monótona. Dificultades de vocalización. Ausencia de contacto visual. Linguaxe corporal inadecuada ou inexistente.



“Rúbrica para avaliar o programa televisivo” do proxecto cREAgal, publícase coa

[Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

